



Expte. 8765/2023

Proceso de selección de funcionario/a interino/a por programa: ARQUITECTO/A TÉCNICO/A XESTIÓN OFICINA MUNICIPAL REHABILITACIÓN INTEGRAL (GRUPO A2, NIVEL C.D. 22)

ANUNCIO DE PUNTUACIÓN E PROPOSTA DE LISTA PARA CHAMAMENTOS

Despois da sesión celebrada o día 26 de abril de 2024 polos membros do tribunal de selección, faise público o acordado.

1º) Dación de conta erro material na acta da sesión do 16 de abril de 2024.

En relación á solución da proba práctica que consta na acta, na resposta ás preguntas 1.2 e 1.4 onde pon órgano competente en materia hidráulica de Galicia (Augas de Galicia), debe poñer órgano competente en materia hidráulica de Galicia (Confederación Hidrográfica do Miño-Sil). Na corrección do exame xa se tivo en conta que a competente é Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

2º) Baremación dos méritos das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición.

De conformidade coa base 7ª das bases de selección (publicadas no BOP de Pontevedra de 20 de decembro de 2023) o procedemento selectivo será a través do concurso-oposición, trátase da cobertura dun posto de traballo moi específico, no que a valoración da experiencia, formación e traxectoria profesional e coñecementos son determinantes para garantir unha mellor resposta ás esixencias do posto de traballo e tarefas a desempeñar.

Na fase de concurso valórase a formación e experiencia cun máximo de 4 puntos, do seguinte xeito:

a) Formación **na praza obxecto da convocatoria**, cun máximo de 2 puntos, nos seguintes termos:

a.1) Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, Colexios Profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,35 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 150 horas: 1 puntos.

b) Experiencia: A puntuación máxima nesta base será de 2 puntos **valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria ou similar categoría** nos seguintes termos:





- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública.
- 0,05 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada

A base 3.8 establece que para acreditar a experiencia laboral deberá facerse a través de certificado de servizos prestados expedido pola administración pública ou contrato de traballo acompañado de vida laboral.

O 17 de abril do presente ano requiriuse a Prieto Estévez Beatriz para que achegase copia da vida laboral, e a Fernández García Carlos para que achegase copia dos contratos de traballo na empresa privada. **Dentro do prazo de reposta presentaron a documentación requirida.**

Ademais, López Lado Sabela, sen que existise requirimento algún por parte do tribunal, achegou o 17 de abril de 2024 acreditación de cursos de formación, expoñendo que se trata da emenda da defectuosa acreditación dos méritos.

A base 3.1 das bases de selección establece que o momento de achegar os méritos é coa instancia de solicitude ao proceso selectivo. E dispón que no concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias. O Tribunal de selección, para facer requirimentos de documentación a dúas persoas aspirantes, tivo en conta o disposto nesta base pero tamén a doutrina e xurisprudencia do Tribunal Supremo, que dispón que poden emendarse os méritos defectuosamente acreditados sempre e cando os mesmos fosen alegados nos prazos que marcan as bases de selección e se acreditasen os aspectos substantivos dos mesmos (STS n.º 344/2008 de 24 de xaneiro de 2011 no recurso 344/2008).

Os membros do tribunal acordan por unanimidade que a documentación acreditativa de cursos de formación achegada por López Lado non se pode ter en conta. Trátase de cursos que en ningún momento foron alegados nin sequera mencionados, coa solicitude e documentación achegada dentro do prazo de presentación de instancias.

Respecto da documentación achegada por Fernández García Carlos, a mesma considérase válida e xunto coa documentación xa aportada, acredita a experiencia correctamente.

Respecto da vida laboral achegada por Prieto Estévez Beatriz, a mesma xunto coa documentación xa aportada non acredita que determinados períodos de traballo fosen na empresa privada e/ou na administración pública en prazos de similar categoría.

Considerando o que antecede, a puntuación da fase de concurso das persoas aspirantes queda do seguinte xeito:

	FERNÁNDEZ GARCÍA, CARLOS	GONZÁLEZ ROMA, ELÍAS	LÓPEZ LADO, SABELA	PRIETO ESTÉVEZ, BEATRIZ
EXPERIENCIA	2,00	2,00	2,00	0,00
FORMACIÓN	2,00	2,00	1,00	1,20
TOTAL PUNTUACIÓN CONCURSO	4,00	4,00	3,00	1,20

3º) Puntuación total do proceso selectivo e lista para chamamentos.

Puntuación total do proceso selectivo





	FERNÁNDEZ GARCÍA, CARLOS	GONZÁLEZ ROMA, ELÍAS	LÓPEZ LADO, SABELA	PRIETO ESTÉVEZ, BEATRIZ
PROBA PRÁCTICA	3,40	3,55	3,80	3,25
FASE DE CONCURSO	4,00	4,00	3,00	1,20
TOTAL PUNTUACIÓN PROCESO SELECTIVO	7,40	7,55	6,80	4,45

De conformidade coa base 7ª propónse a seguinte **lista ordenada de maior a menor puntuación segundo a baremación obtida polos candidatos e candidatas, e que servirá para efectuar o chamamento da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.**

ORDE	LISTA DE CHAMAMENTOS	PUNTOS
1º	GONZÁLEZ ROMA, ELÍAS	7,55
2º	FERNÁNDEZ GARCÍA, CARLOS	7,40
3º	LÓPEZ LADO, SABELA	6,80
4º	PRIETO ESTÉVEZ BEATRIZ	4,45

Contra este acordo do tribunal poderase interpoñer recurso de alzada ante a sra. alcaldesa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O secretario do tribunal

Carlos López Quintáns

Documento asinado electronicamente

